

Plan de Igualdade

Protocolo sobre acoso sexual

Avaliado en Comisión de convivencia do 12/02/2020 e aprobado en Consello Escolar do 01 de xullo de 2020

Este protocolo será adendado ao Plan de Igualdade aprobado o 13 de novembro de 2019



Índice

1. Introducción	3
2. Declaración de principios en materia de acoso sexual e por razón de sexo.....	6
3. Marco normativo	6
4. Cuestións xerais	7
5. Prevención das situacións de acoso sexual e por razón de sexo.....	9
6. Órganos competentes	9
7. Procedemento	10



1. Introducción

A Constitución española reconece como dereitos fundamentais a dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade (artigo 10.1), a igualdade e a non discriminación por razón de sexo en sentido amplo (artigo 14), o dereito á vida e á integridade física e moral, así como a non ser sometido a un trato degradante (artigo 15), o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe (artigo 18.1). O artigo 35.1 da Constitución incorpora, á súa vez, o dereito á non discriminación por razón de sexo no ámbito das relacións laborais.

Ademais, o artigo 9.2 dispón que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos nos que se integre sexan reais e eficaces; eliminar obstáculos que impidan ou dificultan a súa plenitude e facilitan a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social. O artigo 10.1 da Constitución impón tamén aos poderes públicos o deber de protexer a dignidade da persoa afectada por un trato discriminatorio.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, dá un paso importante ao prohibir expresamente o acoso sexual e o acoso por razón de sexo, ademais de definir estes comportamentos (artigos 7, 8, 48 e 62). Establece especificamente no seu artigo 62 e disposición derradeira seis, o compromiso das Administracións públicas de negociar coa representación legal dos traballadores, un protocolo de actuación para a prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo.

Por outra banda, o artigo 95.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico dos empregados públicos, aplicable aos empregados públicos e empregadas que traballan na Administración Xeral do Estado (AXE), clasifica como unha infracción moi grave. acción que implique discriminación por orixe racial ou étnica, relixión ou condena, discapacidade, idade ou orientación sexual, idioma, opinión, lugar de nacemento ou barrio, sexo ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, así como acoso por motivos. de orixe racial ou étnica, relixión ou condena, discapacidade, idade ou orientación sexual e acoso moral.

O acoso sexual tamén está regulado no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social (artigo 8); na



Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa [artigo 19.1.i)] e na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de procedemento civil (artigo 11 bis) sobre lexitimación ; no Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores (artigos 4.2.e, 54.2 e 95.14), no Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 Abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral (artigos 175 a 182); na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de saúde (artigo 18.9) e no artigo 184 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do código penal, e no DECRETO 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Conservatorio Superior de Música de Vigo como entidade pública, e tal e como recolle o seu Proxecto Educativo de Centro (PEC), está ao servizo da sociedade e ten como misión principal proporcionar formación axeitada para facilitar a aprendizaxe do alumnado, a transmisión de coñecementos e valores á sociedade, así como o desenvolvemento cultural e académico. Para o cumprimento desa tarefa, a CSM de Vigo debe ser un espazo de estudo e de traballo respectuoso coa dignidade das persoas e onde non se admita ningunha conduta que implique discriminación por calquera razón ou circunstancia persoal ou social.

Precisamente un dos comportamentos que máis atenta contra a dignidade da persoa é o acoso sexual e por razón de sexo que, en ocasións, se presentan na contorna laboral e, en xeral, en calquera contexto relacional e, por tanto, tamén na comunidade académica.

Por esta razón, o noso centro comprométese a previr e erradicar aquelas situacións constitutivas de acoso sexual ou por razón de sexo cando estas se produzan no ámbito académico en prol de garantir os dereitos fundamentais das persoas que forman parte da comunidade educativa, xa que, ademais de causar prexuízos ás propias vítimas do acoso, afectan tamén os demais compañeiros e compañeiras que forman parte do seu contorno, e mesmo deterioran a imaxe da propia institución. Deste xeito, en cumprimento da normativa vixente en materia de dereitos fundamentais, o CSM de Vigo procurará a consolidación dun ambiente en que se respecte a dignidade de todas as persoas integrantes da comunidade académica non tolerando dentro do seu ámbito ningún tipo de comportamento de acoso sexual ou por razón de sexo.



Para tal efecto, e por medio do presente protocolo, o Conservatorio Superior de Música de Vigo quere implicarse dunha maneira mais activa na loita contra estes comportamentos establecendo unha serie de medidas que teñan como obxecto a prevención destas situacións a través de campañas de información, sensibilización, formación e asesoramento en materia de acoso sexual e por razón de sexo; en canto é evidente que o éxito deste protocolo non será posible sen a implicación da conciencia colectiva e o compromiso de toda a comunidade educativa na erradicación deste tipo de actuacións.

Así mesmo o contido deste protocolo non se esgota coa previsión de medidas de prevención senón que establece, a maiores, un procedemento para a tramitación e resolución das denuncias formuladas polas vítimas. Deste xeito, considérase conveniente propiciar unha solución a comportamentos violentos e discriminatorios dentro do propio centro coas debidas garantías e tomando en consideración as normas comunitarias, constitucionais e internas relativas aos dereitos das persoas implicadas.

A pesar da normativa existente de rexeitamento de calquera comportamento que atente contra a dignidade e integridade física e psíquica das persoas, a día de hoxe o sexo segue sendo a causa dun bo número de discriminacións tamén no ámbito académico. Por iso, as institucións, entre elas os Conservatorios Superiores de Música, deben facer un fronte común comprometéndose na prevención e actuación fronte a estas condutas e poñendo todos os medios necesarios para a súa erradicación, co fin de garantir a efectividade dos devanditos dereitos.

Precisamente ese compromiso cos dereitos das persoas integrantes da comunidade académica e a tolerancia cero de calquera tipo de violencia no seu ámbito é o motivo que leva ao CSM de Vigo á aprobación deste protocolo.

Este protocolo dá cumprimento á acción «Elaborar e aprobar, con carácter prioritario, un protocolo marco de actuación para a prevención e sanción de acosos sexual e por razón de sexo ou identidade sexual coas seguintes premisas:



2. Declaración de principios en materia de acoso sexual e por razón de sexo

O CSM de Vigo comprométese a observar na materia de acoso sexual e acoso por razón de sexo os seguintes principios:

- a) Toda persoa ten dereito a desenvolver a súa actividade con pleno respecto á súa dignidade, intimidade e integridade física e moral.
- b) O CSM de Vigo velará polo mantemento dun contorno educativo libre de acoso sexual e por razón de sexo.
- c) O CSM de Vigo considera o acoso sexual e por razón de sexo como unha manifestación de discriminación intolerable no contorno académico.
- d) Na súa calidade de Administración pública O CSM de Vigo tratará de previr calquera conduta de acoso sexual e por razón de sexo, e garantirá a toda a comunidade educativa unha protección eficaz nesta materia.
- e) O CSM de Vigo, en prol de lograr un contorno libre de acoso sexual e por razón de sexo, adoptará as medidas necesarias (accións informativas, formativas, organizativas e de asesoramento) encamiñadas á prevención das situacións de acoso sexual e por razón de sexo.
- f) O CSM de Vigo comprométese a pór os medios materiais e humanos necesarios para previr e erradicar, se é o caso, este tipo de comportamentos e as súas consecuencias.
- g) No presente protocolo desenvólvese un procedemento, tramitado de acordo con criterios de prudencia e confidencialidade, para a prevención, actuación e, se é o caso, sanción do acoso sexual e por razón de sexo, no cal quedan salvagardados os dereitos das persoas afectadas.
- h) Toda persoa que se considere vítima de condutas de acoso sexual o por razón de sexo terá dereito a presentar unha denuncia que será dilucidada ante o órgano deste Centro a través do procedemento establecido neste protocolo.
- i) As actuacións previstas neste protocolo enténdense sen prexuízo da posibilidade de adoptar outras accións xudiciais que poidan corresponder á vítima.

3. Marco normativo

A normativa básica de referencia nesta materia é a seguinte:

- Constitución española de 1978.
- Directiva 2006/54/CEE, do 5 de xullo de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres no emprego ou a ocupación.



- Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Estatuto básico do empregado público, Lei 7/2007, do 12 de abril de 2007.
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Resolución do 28 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado da Función Pública, pola que se aproba e se publica o Acordo do 27 de xullo de 2011 da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado sobre o Protocolo de Acción contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito da Administración xeral do Estado e das organizacións públicas vinculadas a ela.
- DECRETO 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Cuestións xerais

Artigo 1. *Obxecto do protocolo*

O presente protocolo ten por obxecto:

1. A prevención de toda situación de acoso sexual e por razón de sexo nos termos definidos na LOE que se poida producir no contorno académico do CSM de Vigo.
2. A información, sensibilización, formación e asesoramento a toda a comunidade educativa en materia de acoso sexual e por razón de sexo.
3. A adopción das medidas necesarias para a solución das situacións de acoso sexual e por razón de sexo.

Deberán respectarse os dereitos das partes e garantirse a integridade física e moral da parte reclamante, a presunción de inocencia da parte reclamada e, en relación a ambas, a dignidade e a intimidade ao longo de todo o procedemento iniciado para a investigación e, se é o caso, a adopción da medida máis axeitada ao caso concreto.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

O presente protocolo será de aplicación cando se cumpran os requisitos subxectivos, obxectivos e espaciais previstos nos artigos seguintes.

Artigo 3. *Ámbito subxectivo*



Este protocolo será de aplicación ás seguintes persoas:

1. Persoal docente do CSM de Vigo.
2. Persoal de Administración e Servizos do CSM de Vigo.
3. Alumnado do CSM de Vigo.
4. Persoal afecto a contratas externas co do CSM de Vigo e persoas traballadoras autónomas. Exclúense do ámbito de aplicación desde protocolo as presuntas situacións de acoso sexual ou por razón de sexo cando tanto a parte acosadora como a vítima formen parte dos colectivos indicados neste punto.

Artigo 4. *Ámbito obxectivo*

Sen prexuízo do disposto no artigo 184 do Código penal, este protocolo será de aplicación a aquelas condutas consideradas como acoso sexual ou por razón de sexo de conformidade co establecido na normativa vixente.

En concreto, enténdese por «acoso sexual calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo».

Considérase «acoso por razón de sexo calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo».

«Constitúe discriminación directa por razón de sexo todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade».

«Tamén se considerará discriminación por razón de sexo calquera trato adverso ou efecto negativo que se produza nunha persoa como consecuencia da presentación pola súa parte de queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso, de calquera tipo, destinados a impedir a súa discriminación e a exixir o cumprimento efectivo do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes».

Artigo 5. *Ámbito espacial*

Este protocolo só será de aplicación cando as condutas relacionadas no artigo 4 teñan lugar en:

1. Calquera dependencia do CSM de Vigo.



2. Entidades públicas e privadas onde o alumnado desenvolva prácticas organizadas polo CSM de Vigo.
3. Calquera outro espazo fóra do recinto do CSM de Vigo, sempre que a presenza nel de membros da comunidade académica derive dunha actividade organizada e autorizada polo CSM de Vigo.

Artigo 6. *Obriga de información e cumprimento do Protocolo*

1. Co fin de que todas as persoas, empresas e institucións incluídas no ámbito de aplicación deste protocolo teñan a suficiente información e coñecemento del, o CSM de Vigo comprométese a darlle toda a difusión necesaria, coa indicación da necesidade do seu cumprimento estrito.
2. Todas as entidades que participen ou estean ligadas contratualmente ao CSM de Vigo terán a obriga de cumprimento no establecido neste protocolo. Así mesmo, incluírase nas NOF un artigo coa seguinte redacción: «Será falta moi grave o incumprimento das obrigas establecidas no Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual ou por razón de sexo do CSM de Vigo».

5. Prevención das situacións de acoso sexual e por razón de sexo

Artigo 7. *Prevención das situacións de acoso sexual e por razón de sexo*

- O CSM de Vigo comprométese á adopción de medidas de prevención das situacións de acoso sexual e por razón de sexo, no ámbito da súa competencia. Para tal efecto, levaranse a cabo, entre outras actividades, campañas de sensibilización e formación sobre esta temática, así como formación en prevención e formas de actuación ante estas posibles situacións.

6. Órganos competentes

Artigo 8. *Comisión contra o Acoso Sexual e por Razón de Sexo do CSM de Vigo (CAS)*

A aplicación deste protocolo será competencia da Comisión contra o Acoso Sexual e por Razón de Sexo do CSM de Vigo (en diante denominada, CAS).

Artigo 9. *Composición da CAS*

A CAS estará composta por:

1. Director/a do CSM de Vigo, que ostentará a presidencia da Comisión.



2. Un/unha representante do profesorado da Comisión de Convivencia.
3. Un/unha representante alumnado na Comisión de Convivencia.
4. Representante do PAS na Comisión de Convivencia.
5. O/A secretario/a do centro.

A CAS poderá estar asistida por unha persoa técnica especialista que será designada pola súa presidencia, cando se estime necesario por acordo da propia CAS.

O nomeamento das persoas representantes de profesorado, PAS e alumnado na CAS corresponderá ao Consello Escolar que deberá ser referendada en sesión do órgano Colexiado para a súa constitución. O seu nomeamento terá unha duración máxima de dous anos, coa posibilidade dunha soa renovación, agás naqueles casos nos que o representante da CAS deixe de ser membro elixido do Consello Escolar.

A composición da CAS deberá manter a paridade entre mulleres e homes, de conformidade coa normativa vixente en materia de igualdade.

Artigo 10. *Funcións da CAS*

Son funcións da CAS:

1. Analizar as denuncias sobre posibles situacións de acoso sexual e por razón de sexo que se presenten ante ela e decidir sobre a apertura do procedemento previsto neste protocolo.
2. Tramitar as denuncias admitidas e emitir informe motivado sobre a situación denunciada.
3. Solicitar á dirección do CSM de Vigo as medidas de protección á vítima que se considere necesario adoptar durante a tramitación do procedemento previsto neste protocolo.
4. Informar o órgano competente sobre a adopción das medidas preventivas axeitadas para evitar as posibles situacións de acoso sexual ou por razón de sexo que se poidan producir no contorno do CSM de Vigo.
5. Facer un seguimento da aplicación do presente protocolo coa finalidade de analizar o seu correcto funcionamento e eficacia e, se é o caso, propoñer a súa modificación ante o Consello Escolar.
6. Elaborar un informe anual sobre a aplicación do presente protocolo para a súa presentación ante o Consello de Goberno.

7. Procedemento

Artigo 11. *Principios e garantías do procedemento*



Durante a tramitación do procedemento previsto neste protocolo deberán respectarse os seguintes principios e garantías:

1. Deben garantirse a dignidade e intimidade das persoas implicadas, así como a igualdade no trato. Todas as actuacións se levaran a cabo dunha forma respectuosa coa parte denunciante e denunciada.
2. Toda a información verbal ou escrita presentada no procedemento deberá ser tratada coa debida reserva. Especialmente, adoptaranse as medidas oportunas para preservar a identidade das persoas presuntamente vítima e acosadora.
3. Todas as persoas que interveñan no procedemento teñen a obriga de gardar segredo sobre toda a información vertida nel, así como das actuacións que se leven a cabo nel.
4. O procedemento deberá ser tramitado desde o seu inicio ata a súa resolución, incluída a posible adopción de medidas de protección, coa maior celeridade, de xeito que poida ser rematado no menor tempo posible.
5. No procedemento debe garantirse o dereito ao trámite de audiencia das persoas implicadas na situación denunciada, que poderán facer as alegacións que consideren oportunas para a súa defensa.
6. A aplicación deste protocolo non impedirá a utilización das accións xudiciais previstas legalmente.
7. Adoptaranse as medidas necesarias para evitar calquera tipo de represalia contra as persoas que denuncien unha situación de acoso sexual ou por razón de sexo ou que comparezan como testemuñas no procedemento previsto neste protocolo.

Artigo 12. *Presentación de denuncia*

1. Calquera persoa incluída no ámbito de aplicación deste protocolo que se considere vítima de acoso sexual o por razón de sexo poderá presentar unha denuncia dirixida á presidencia da CAS.
2. A denuncia tamén poderá ser presentada por unha terceira persoa que teña coñecemento da situación de acoso, entre elas as responsables dos departamentos e as representantes das traballadoras e traballadores ou do alumnado e o propio profesorado. Nestes casos, desde a presidencia da CAS remitirase copia da denuncia á presunta vítima para que, se é o caso, a ratifique.
3. As denuncias, nas cales en todo caso se deberá identificar a persoa denunciante, poderán presentarse por escrito ou verbalmente.



- As denuncias escritas deberán ser presentadas no rexistro do CSM de Vigo ou por calquera dos medios previstos na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público*.
 - Para os efectos de garantir o dereito á intimidade das persoas afectadas, o formulario que figura como anexo I a este protocolo, xunto coa relación dos feitos denunciados coa identificación da persoa denunciada, deberá presentarse en sobre pechado, ao que se xuntará unha instancia segundo modelo do anexo II dirixida á presidencia da CAS.
 - No caso de denuncia presentada verbalmente diante da presidencia do CAS, ou calquera membro do Equipo directivo, levantarase acta dela que deberá ser asinada pola parte denunciante para os efectos de que quede constancia da mesma.
4. A denuncia deberá ser presentada no prazo de 6 meses contados desde que tivo lugar o incidente. No suposto de acoso reiterado no tempo, este prazo de 6 meses computarase desde a última conduta producida. No caso de que algunha denuncia fora presentada fora deste prazo, a CAS poderá estudar a aceptación a trámite.

Artigo 13. *Deber de denunciar*

1. Calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de comunicar a CAS a través de calquera das canles do Centro de calquera situación de posible acoso sexual ou por razón de sexo de que tiver coñecemento.
2. Toda persoa responsable académica ou administrativa do CSM de Vigo estará obrigada a tramitar, de xeito inmediato, ante a CAS as denuncias verbais ou escritas que reciba sobre calquera situación de posible acoso sexual ou por razón de sexo.

Artigo 14. *Inicio do procedemento*

Desde a presidencia da CAS, unha vez recibida a denuncia, procederase á convocatoria de todas e todos os seus membros nun prazo de cinco días hábiles contados desde a súa recepción ou, se é o caso, desde a súa ratificación pola presunta vítima.

Nesta primeira reunión, a CAS fará unha análise dos feitos denunciados e seguidamente poderá acordar:

1. A non admisión a trámite da denuncia nos seguintes casos:
 - a) Cando resulte evidente que os feitos recollidos nela ou as persoas implicadas non se inclúen dentro do ámbito de aplicación deste protocolo.



b) Cando a denuncia fose presentada por unha terceira persoa e a presunta vítima non a ratificase.

c) Cando a denuncia fose presentada fóra do prazo fixado no artigo 12.

A non admisión a trámite da denuncia deberá estar motivada e comunicarse por escrito á persoa denunciante e á vítima, se aquela fora unha terceira persoa.

2. Admitir a denuncia e iniciar a tramitación do procedemento previsto nos artigos seguintes.

A admisión da denuncia farase por escrito e notificarase ás persoas implicadas nela. O inicio do procedemento tamén será comunicado á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o seu coñecemento.

Artigo 15. *Tramitación do procedemento*

1. Admitida a trámite a denuncia, a CAS deberá designar, entre as membros e os membros dela, un instrutor ou unha instrutora que se encargará da tramitación da denuncia nos termos expostos neste artigo. Para estes efectos a instrutora ou instrutor contará coa asistencia da secretaría da CAS.
2. Quen sexa responsable da instrución deberá recadar toda a información que considere conveniente e practicará todas as probas testemuñais ou documentais que considere necesarias para esclarecer os feitos denunciados.
3. En todo caso, quen instrúa o procedemento dará audiencia a cada unha das partes implicadas na presunta situación de acoso. A esta comparecencia poderán acudir acompañadas doutra persoa pertencente á comunidade educativa, sempre que o comuniquen previamente á instrutora ou instrutor, e formular as alegacións que consideren oportunas.
4. Logo da solicitude do instrutor ou instrutora, a CAS, de consideralo necesario, poderá requirir a colaboración dalgún órgano externo ao CSM de Vigo.
5. Todas as actuacións conducentes ao esclarecemento dos feitos deberán ser realizadas coa debida reserva, prudencia e coa maior sensibilidade e respecto aos dereitos das partes implicadas neles.
6. A persoa instrutora contará cun prazo de 20 días hábiles, contados desde a admisión a trámite da denuncia, para a práctica de todas as actuacións previstas neste precepto.
7. Rematada a súa misión, a instrutora ou instrutor presentará ante a CAS un informe detallado sobre as actuacións levadas a cabo e os seus resultados.

Artigo 16. *Remate do procedemento*

1. A CAS, no prazo de 5 días hábiles contados desde a presentación do informe por quen o



instrúa, previsto no artigo anterior, deberá adoptar un acordo motivado sobre a situación denunciada. Da resolución darase traslado a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a través do Servizo Territorial de Inspección correspondente.

2. Neste acordo a CAS poderá facer algunha das seguintes propostas:
 - a) Proposta de arquivo das actuacións iniciadas nos seguintes casos:
 - Cando non existan indicios suficientes da existencia da situación denunciada. Se a CAS considerara probado que se trataba dunha denuncia falsa, presentada con evidente mala fe pola persoa denunciante, poderá propoñer á Dirección do CSM de Vigo a apertura dun expediente disciplinario contra esta.
 - Cando se trate dunha situación que non se inclúe no ámbito de aplicación deste protocolo.

Neste caso, se a CAS aprecia indicios da comisión de feitos constitutivos doutro tipo de infraccións, poderá propoñer á Dirección do CSM de Vigo a apertura dunha información reservada.
 - b) Proposta de incoación de expediente disciplinario contra a persoa denunciada cando das actuacións practicadas deriven indicios suficientes da comisión de feitos constitutivos de acoso sexual ou por razón de sexo.
 - c) Cando a persoa presuntamente acosadora sexa unha das incluídas no número 4 do artigo 3 deste protocolo, proporase á Dirección do CSM de Vigo que remita á empresa de que dependa o informe elaborado pola CAS sobre a situación denunciada, para a adopción das medidas que procedan.
 - d) De non existir unha situación que poida cualificarse como acoso sexual, a CAS pode acordar que o procedemento a seguir sexa de resolución mediante diálogo, xa que anque non haxa evidencia dunha situación que poida cualificarse de acoso sexual, esta situación podería derivar no mesmo se non se toman medidas. Para isto designará un mediador ou mediadora para a resolución do conflito.
3. Este informe será remitido á dirección do CSM de Vigo e ás persoas directamente implicadas neste procedemento.

Artigo 17. *Resolución da dirección do CSM de Vigo*

1. O director/a, dentro do prazo de cinco días hábiles desde a recepción do informe motivado da CAS, ditará resolución, que porá fin ao procedemento e que será notificada ás partes implicadas.
2. Contra a resolución da dirección poderá presentarse recurso de alzada diante da Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de Pontevedra no prazo dun mes a partires da súa recepción.



Artigo 18. *Medidas de protección da vítima*

Desde a admisión da denuncia pola CAS, se concorreren circunstancias de especial gravidade que poidan causar un prexuízo á vítima, a CAS, logo de consulta con esta, poderá propor á Dirección do CSM de Vigo a adopción de medidas de protección que, segundo os casos, poderán consistir en cambiar a vítima de, quenda, segundo os casos, ou propor a Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional o traslado da persoa acosada ou acosadora segundo se estime. En todo caso, a adopción dalgunha destas medidas deberá contar co consentimento da vítima.

Artigo 19. *Deber de confidencialidade*

1. Toda a información relativa ás denuncias en materia de acoso sexual e por razón de sexo se tratarán de xeito confidencial respectando en todo caso o dereito á intimidade e á dignidade das persoas implicadas.
2. Todo o persoal que interveña en calquera das actuacións previstas neste protocolo terá deber de confidencialidade.

Artigo 20. *Deber de colaboración coa CAS*

Todas as persoas, empresas ou institucións incluídas no ámbito de aplicación deste protocolo están obrigadas a colaborar coa CAS na investigación das situacións de acoso sexual e por razón de sexo.

Artigo 21. *Arquivo de procedemento ante a CAS*

A apertura dun procedemento xudicial sobre os mesmos feitos denunciados ante a CAS determinará o arquivo das actuacións iniciadas de conformidade con este protocolo.

Artigo 22. *Seguimento da aplicación do protocolo*

3. 1. A CAS realizará o control e seguimento da aplicación do presente protocolo co obxecto de analizar a súa eficacia na prevención, detección e erradicación de situacións de acoso sexual e por razón de sexo no CSM de Vigo.
4. 2. A CAS deberá elaborar un informe anual sobre a aplicación do presente protocolo que presentará ante o Consello Escolar. Así mesmo, poderá facer propostas de modificación deste protocolo se detectara insuficiencias no mesmo para atender as situacións de acoso sexual e por razón de sexo detectadas.



ANEXO I Formulario de denuncia ante unha posible situación de acoso sexual ou por razón de sexo¹

Comisión Contra o Acoso Sexual e por Razón de Sexo (CAS)
Manuel Olivie 23-36203-Vigo

Apelidos e nome _____

DNI _____ Domicilio de notificación _____

Teléfono _____ Móbil _____ Mail _____

Vinculación co CSM de Vigo _____

En calidade de Vítima _____ Testemuña _____ Outros _____

Á vista do feitos relatados no documento que se achega,

SOLICITA que se proceda á apertura do correspondente procedemento, ao amparo do Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo do CSM de Vigo de Vigo aprobado no seu Consello Escolar o XX de _____ de 20__ por se puidese constituír un suposto de acoso sexual ou por razón de sexo.

Vigo, de de 20

O/A interesado/a



ANEXO II Formulario de traslado de documentación a CAS

Comisión Contra o Acoso Sexual e por Razón de Sexo (CAS)
Manuel Olivie 23-36203-Vigo

Apelidos e nome _____

DNI _____ Domicilio de notifi-
cación _____

Teléfono _____ Móbil _____ Mail _____

SOLICITA:

A recepción deste sobre pechado con información confidencial dirixido á CAS..

Vigo, de de 20

O/A interesado/a